

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

*ORDE do 30 de xaneiro de 2026 pola que se dá publicidade aos recoñecementos dos núcleos de adestramento deportivo especializado.*

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 197, do 29 de setembro de 2020, publicouse o Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia, a través do cal, no seu artigo 39, se recoñecen os núcleos de adestramento deportivo especializado como o conxunto de medios humanos e materiais xestionados por unha federación deportiva, club deportivo ou sociedade anónima deportiva inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia que teña por finalidade a preparación técnico-deportiva orientada ao alto nivel ou ao alto rendemento deportivo.

A través da Orde do 23 de xuño de 2021 pola que se establecen os criterios técnico-deportivos para a obtención das condicións de persoa deportista de alto nivel, alto rendemento deportivo e rendemento deportivo de base, e os criterios deportivos para o recoñecemento dos núcleos de adestramento deportivo especializado, no artigo 7 determínanse os criterios deportivos para os núcleos de adestramento especializado.

Os proxectos recoñecidos correspóndense co interese estratéxico deportivo da propia Comunidade Autónoma, encamiñado á participación dos deportistas galegos e das deportistas galegas en xogos olímpicos ou paralímpicos, campionatos do mundo, campionatos de Europa e outras competicións internacionais de máximo nivel.

Na súa consecuencia, atendendo á proposta da Secretaría Xeral para o Deporte do 29 de xaneiro de 2026, con base nos acordos adoptados pola Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

**RESOLVE:****Artigo único**

Dar publicidade da relación dos núcleos de adestramento deportivo especializado recoñecidos ata o momento pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, así como o período de vixencia do seu recoñecemento. A relación incorpórase no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2026

Diego Calvo Pouso  
Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

CVE-DOG: xfxfc3f2-tdw3-my19-uzi8-wall5y5fvsao



ANEXO  
**Núcleos de adestramento deportivo especializado-NADES**

|    | Entidade                                                      | Resolución | Vixencia   | Modalidade         | Concello          |
|----|---------------------------------------------------------------|------------|------------|--------------------|-------------------|
| 1  | Club Halterofilia Coruña                                      | 25.5.2022  | 25.5.2026  | Halterofilia       | A Coruña          |
| 2  | Club Fluvial de Lugo                                          | 22.11.2023 | 22.11.2027 | Piragüismo         | Lugo              |
| 3  | Federación Galega de Kárate e D.A.                            | 22.11.2023 | 22.11.2027 | Karate             | Santiago          |
| 4  | Club de Loitas Olímpicas Vilalba                              | 22.11.2023 | 22.11.2027 | Loita              | Vilalba, Lugo     |
| 5  | Real Club Deportivo Coruña                                    | 19.1.2023  | 19.1.2027  | Fútbol             | A Coruña          |
| 6  | Club Taekwondo Sport Videlgi                                  | 17.1.2023  | 17.1.2027  | Taekwondo          | Ribeira, A Coruña |
| 7  | Federación Galega de Atletismo, Club Santa Uxía de Ribeira    | 29.1.2025  | 29.1.2029  | Atletismo          | Ribeira, A Coruña |
| 8  | Club de Ximnasia Universidade da Coruña. Terra Sports Academy | 29.1.2025  | 29.1.2029  | Ximnasia artística | A Coruña          |
| 9  | Club Ximnasia Pavillón Ourense                                | 8.8.2025   | 8.8.2029   | Ximnasia trampolín | Ourense           |
| 10 | Federación Galega de Hockey                                   | 29.1.2026  | 29.1.2030  | Hóckey             | Ourense           |
| 11 | Club Kayak Tudense                                            | 29.1.2026  | 29.1.2030  | Piragüismo         | Tui, Pontevedra   |
| 12 | Club Boxeo Kickboxing Coruña                                  | 29.1.2026  | 29.1.2030  | Boxeo kickboxing   | A Coruña          |
| 13 | Federación Galega de Squash, Club Squash                      | 29.1.2026  | 29.1.2030  | Squash             | Vigo-Santiago     |
| 14 | Club Tríatlon Cidade de Lugo Fluvial                          | 29.1.2026  | 29.1.2030  | Tríatlon           | Lugo              |
| 15 | Club de Remo Cabo de Cruz                                     | 29.1.2026  | 29.1.2030  | Remo               | Boiro, A Coruña   |

